abono SÁBADO 09

SÁBADO 6 DE MAYO 2023 - 20H.

Real Filharmonía de Galicia

22/23

SINFÓNICA DE GALICIA

abono SÁBADO 09

SA 06.05.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

PIOTR ILICH CHAIKOVKI (1840-1893)

Concierto para violín en re mayor, op. 35 (35')

Allegro moderato
Canzonetta: Andante
Allegro vivacissimo

II
LEOŠ JANÁČEK (1854-1928)

Taras Bulba (23')

Muerte de Andril (Smrt Andrijova)
Muerte de Ostap (Smrt Ostapova)
Muerte y profecía de Taras Bulba (Proroctví a smrt Bulby)

ZOLTÁN KODÁLY (1882-1967)

Danzas de Galanta (16')

Lento
Allegretto moderato
Allegro con moto, grazioso
Allegro
Allegro vivace

Rosanne Philippens, violín*

Paul Daniel, director

Real Filharmonía de Galicia

* La violinista Rosanne Philippens sustituye al inicialmente anunciado Nemanja Radulovic, quien canceló por enfermedad sus conciertos de esta semana con la Real Filharmonía de Galicia.

Chaikovski es uno de los compositores románticos más representativos, tanto por la naturaleza de su música como por el devenir de su agitada vida personal, apasionante e incluso contradictoria. Representó una tendencia claramente cosmopolita y fue capaz de fusionar elementos nacionalistas rusos con la tradición clásica, algo palpable en su ecléctico catálogo que incluye obras relevantes de casi todos los géneros existentes, piezas cuya belleza viene de la ilimitada riqueza de su expresión melódica de la emoción, su trabajo armónico, su sentido del ritmo y su maestría para alcanzar un esplendor orquestal identificador de su estilo. Cuando el compositor inició la escritura de este concierto, dejaba su puesto de profesor en el Conservatorio de Moscú y fracasaba su matrimonio con Antonina Ivanovna Miliukova. La búsqueda de tranquilidad lo llevó a la rivera del suizo lago Lemán y allí, comenzó a recibir ayuda económica de la mecenas Nadezhda Filaretovna von Meck —con la que se relacionó únicamente por correspondencia—, a la que tiempo después incluyó una pensión vitalicia del Zar Alejandro III, admirador de la música de Chaikovski. Todo eso le permitió recobrar el optimismo y continuar creando, y así surgió el *Concierto para violín y orquesta* cuyo primer boceto data de la primavera de 1878 y, en compañía del virtuoso violinista ruso Josef Kotek, desarrollaron la parte solista. En varias cartas a su benefactora, el músico escribió: «el primer movimiento está listo, me satisface, en cambio no estoy contento con el *Andante*, tendré que modificarlo totalmente o componer uno nuevo, mientras que el *Finale* también quedó logrado» y añadía días después: «compuse hoy otro Andante que se adapta mejor a los otros movimientos [...] empezaré a realizar su orquestación». Finalizada la partitura, estaba destinada a Kotek por su compromiso para estrenarla, pero tras leerla, renunció. De este modo, Chaikovski dedicó la pieza al famoso Leopold von Auer, quien no quiso aprender la obra argumentando que era imposible de interpretar y lo mismo sucedió con Èmile Sauret hasta que la partitura llegó a Adolf Brodsky quien, hasta el estreno, tuvo altibajos con el concierto reconociendo 'demasiadas dificultades' y que el impulsor de la presentación de la obra había sido Hans Richter. En todo caso, en general, el éxito de la música de Chaikovski no fue inmediato, aunque no tardó en ser popular en todo el mundo, como ejemplo, la primera ejecución de este concierto en la Viena de 1881 y así lo escribió el célebre crítico Edward Hanslick: «El nuevo y pretensioso concierto de Chaikovski procede con musicalidad solo durante algunos instantes, y muy pronto sobreviene la rudeza... El *Andante*, coa súa melancolía eslava, hace que nos reconciliemos con la obra, pero de nuevo nuestras ilusiones se vienen abajo, pues el *Finale* conduce a la brutalidad desenfrenada de una orgía rusa, y nos parece ver únicamente rostros plebeyos y obtusos, escuchar brutales blasfemias y oler el hedor de un aguardiente de mala calidad...». Pero cuando Brodsky interpretó el concierto en Moscú y Londres, recogió el aplauso del público además del agradecimiento del compositor sustituyendo en la partitura el nombre de Auer —quien finalmente tocó la pieza en numerosas ocasiones— por lo de su primer intérprete como dedicatario.

Nacido en una zona rural cerca de la antigua frontera entre Moravia y Silesia, Leoš Janáček se introdujo en la música de la mano de su padre, un maestro con formación musical. Todavía niño, llegó a formar parte del coro de la Abadía agustina de San Tomás de Brno y con el tiempo, se graduó en la Escuela de Órgano de Praga. Como Kodály y Khachaturian, Janáček se interesó por los cantos populares de su tierra, tanto campesinos como arcaico-religiosos y, todavía con el respeto inicial por la música de Wagner y Smetana, investigó minuciosamente la música y las características del habla con especial atención al dialecto *lachi* de su región natal, concluyendo que «todos los misterios melódicos y rítmicos de la música encuentran su explicación en la melodía y el ritmo de los motivos musicales del lenguaje hablado». Esta nueva formulación musical implicaba cambios significativos en los demás elementos de la composición, como la armonía y la instrumentación. Lo que llama la atención en la música de Janáček es la repetición continua de unos diseños melódicos o figuraciones tímbricas y armónicas esenciales, que dan la sensación de extrema movilidad rítmica con el cambio repentino de la melodía de un instrumento a otro, según los módulos de la música popular y por eso, así lo define Giorgio Vigolo «un músico de asalto y ruptura, un polemista de los sonidos que rompe el círculo de la época para redescubrir las interjecciones y las intersecciones; es un gramático y un hablante dialectal que cava en la tierra unas raíces locales rebelándose contra el dominio de una gran lengua musical europea para conquistar pequeñas autonomías regionales». Fue en los años de la Primera Guerra Mundial cuando Janáček se dedica exclusivamente a la composición y comienza a ser conocido después del estreno de la ópera *Jenufa* (1916), escrita durante varios años afectado por el fallecimiento de su hija Olga. Este éxito lo lleva a escribir nuevas partituras como *Taras Bulba*, una de las que basó en obras de la literatura rusa que tanto admiraba. La historia de Nicolai Gogol muestra la figura legendaria de Taras Bulba, comandante de los cosacos de Zaporoski, y narra los acontecimientos que rodearon su muerte en una guerra contra los polacos (1628) que el compositor convirtió en una suite orquestal en tres movimientos, que denominó rapsodia. Escrita entre los años 1915 y 1918 y estrenada en 1921, la obra se divide en tres partes bien diferenciadas: la primera, *La muerte de Andrej*, relata la historia de uno de los hijos de Taras que, enamorado de la hija del voivoda polaco, lucha contra su propio pueblo en una batalla cerca de Dubno. El cuerno inglés representa el pensamiento de Andrei sobre su amada, mientras que la orquesta y órgano representan la catástrofe que se avecina y los habitantes de la ciudad; los trombones anuncian la batalla. El movimiento termina cuando Taras mata a su propio hijo. La segunda parte, *La muerte de Ostap*, asoma como homenaje al segundo hijo de Taras Bulba capturado por los polacos que irrumpen en una mazurca de celebración y torturan a Ostap, cuyo lamento a su padre viene de la mano de un solo salvaje de clarinete que recuerda a la fantasía de la *Sinfonía de Berlioz* y la *Till Eulenspiegel* de Strauss. Es en el tercer y último movimiento en el que llega la muerte del comandante cosaco, en medio de presagios de victoria, comienza amenazador, con

singulares interacciones entre cuerdas y vientos. Taras venga la muerte de Ostap pero es detenido y condenado a morir en la hoguera mientras sus enemigos enloquecen a ritmo de una «cracoviana», la típica danza popular. El movimiento se desarrolla a través de innumerables fragmentos y secciones cortas que incluyen momentos de amor nostálgico, música bailable y, de vuelta, el órgano brillante y misterioso al lado de las cuerdas interpretando un motivo rítmico repetido. La voz de Taras Bulba da su visión sobre la redención y la gloria futura de su pueblo a través de fanfarrias a lo lejos, campanas y órgano que acompañan un poderoso crescendo de toda la orquesta y una nueva melodía, propiamente janacekiana, proyecta sobre el futuro, auspicios de una merecida libertad.

El compositor e intelectual Zoltán Kodály fue uno de los referentes húngaros en los campos de la musicología y la pedagogía musical. Finalizada su formación superior en composición, pedagogía y musicología en la Academia de Música de Budapest, entre 1904 y 1906, viajó a París para perfeccionar sus estudios y más tarde, junto a su colega Béla Bartók, un Kodály ya maduro, recopiló y publicó numerosas canciones del folclore húngaro que él mismo definía: «son obras que expresan la más íntima esencia de la música popular». Con el tiempo, Kodály introduce en varias composiciones los recuerdos de su infancia, que estuvo llena de experiencias musicales diversas y así, conoció de primera mano, desde muy pequeño, orquestas de música popular de distintos lugares del Imperio Austro-húngaro, ya que su padre era jefe de estación de los ferrocarriles imperiales y se trasladaban con cierta frecuencia de una villa a otra. Uno de esos lugares donde pasó parte de su niñez fue Galanta y donde conoció las danzas y cantos cíngaros de las bandas de gitanos que por allí transitaban. De este modo, en 1933, cuando la Sociedad Filarmónica de Budapest celebra su octogésimo aniversario, Kodály escribe como homenaje «a los siete años más hermosos de mi infancia» las *Danzas de Galanta,* inspiradas en una recopilación de danzas húngaras de esa región publicadas en 1800. La obra fue estrenada en octubre del año de composición y las cinco danzas se interpretan sin interrupción como si se tratase de una única larga con cambios de tiempo y ritmo. Tras una emotiva introducción lenta aparece la primera danza, pausada y dramática en la que el clarinete, con un pasaje rápido de ritmo libre, reproduce los bailes interpretados en las ceremonias de reclutamiento de los húsares, los verbunkos para simbolizar que la vida de soldado era la mejor. Sigue una danza más ágil protagonizada por la flauta, que destila algo de oriental debido a los trinos y el triángulo y, además, aparece invadida por la melodía de la primera en un breve intermezzo que precede a la tercera, elegante, iniciada por el oboe y el clarinete con fuertes y poderosas intervenciones del resto de la orquesta; ligera, con cierto sentido del humor y escritura orquestal virtuosística, la cuarta se funde con la última, la más rápida y viva de la serie.

Texto cedido por la Real Filharmonía de Galicia

Chaicóvski é un dos compositores románticos máis representativos, tanto pola natureza da súa música como polo devir da súa axitada vida persoal, apaixonante e mesmo contraditoria. Representou unha tendencia claramente cosmopolita e foi quen de fusionar elementos nacionalistas rusos coa tradición clásica, algo palpable no seu ecléctico catálogo que inclúe obras relevantes de case todos os xéneros existentes, pezas cuxa beleza vén da ilimitada riqueza da súa expresión melódica da emoción, o seu traballo harmónico, o seu sentido do ritmo e a súa mestría para acadar un esplendor orquestral identificador do seu estilo. Cando o compositor iniciou a escrita deste concerto, deixaba o seu posto de profesor no Conservatorio de Moscova e fracasaba o seu matrimonio con Antonina Ivanovna Miliukova. A procura de tranquilidade levouno á ribeira do suízo lago Lemán e alí, comezou a recibir axuda económica da mecenas Nadezhda Filaretovna von Meck —coa que se relacionou unicamente por correspondencia—, á que tampo despois engadiu unha pensión vitalicia do tsar Alexandre III, admirador da música de Chaicóvski. Todo iso permitiulle recobrar o optimismo e continuar creando, polo que xurdiu así o *Concerto para violín e orquestra* cuxo primeiro bosquexo data da primavera de 1878 e, en compañía do virtuoso violinista ruso Josef Kotek, desenvolveu a parte solista. En varias cartas á súa benfeitora, o músico escribiu: «o primeiro movemento está listo, satisfaime, en cambio non estou contento co Andante, terei que modificalo totalmente ou compoñer un novo, mentres que o *Finale* tamén quedou logrado» e engadía días despois: «compuxen hoxe outro *Andante* que se adapta mellor aos outros movementos [...] empezarei a realizar a súa orquestración». Rematada a partitura, estaba destinada a Kotek polo seu compromiso para estreala, pero tras lela, renunciou. Dese xeito, Chaicóvski dedicoulle a peza ao famoso Leopold von Auer, quen non quixo aprender a obra argumentando que era imposible de interpretar e o mesmo sucedeu con Èmile Sauret ata que a partitura chegou a Adolf Brodsky quen, ata a estrea, tivo altibaixos co concerto recoñecendo 'demasiadas dificultades' e que o impulsor da presentación da obra fora Hans Richter. En todo caso, en xeral, o éxito da música de Chaicóvski non foi inmediato e aínda que non tardou en ser popular en todo o mundo, como exemplo, a primeira execución deste concerto na Viena de 1881 e así o escribiu o célebre crítico Edward Hanslick: «O novo e pretensioso concerto de Chaicóvski procede con musicalidade só durante algúns instantes, e ben pronto sobrevén a rudeza... O *Andante*, coa súa melancolía eslava, fai que nos reconciliemos coa obra, pero de novo as nosas ilusións veñen abaixo, pois o *Finale* conduce á brutalidade desenfreada dunha orxía rusa, e parécenos ver só rostros plebeos e obtusos, oír brutais blasfemias e ulir o cheiro dunha augardente de mala calidade...». Mais cando Brodsky interpretou o concerto en Moscova e Londres, recolleu o aplauso do público ademais do agradecemento do compositor substituíndo na partitura o nome de Auer —quen finalmente tocou a peza en numerosas ocasións— polo do seu primeiro intérprete como dedicatario.

Nado nunha zona rural preto da antiga fronteira entre Moravia e Silesia, Leoš Janáček introduciuse na música da man do seu pai, un mestre con formación musical. Aínda neno, chegou a formar parte do coro da Abadía agostiña de Santo Tomás de Brno e co tempo, graduouse na Escola de Órgano de Praga. Como Kodály e Khachaturian, Janáček interesouse polos cantos populares da súa terra, tanto campesiños coma arcaico-relixiosos e, aínda co respecto inicial pola música de Wagner e Smetana, investigou polo miúdo a música e as características da fala con especial atención ao dialecto *lachi* da súa rexión natal, para concluír que «todos os misterios melódicos e rítmicos da música encontran a súa explicación na melodía e no ritmo dos motivos musicais da linguaxe falada». Esta nova formulación musical implicaba cambios significativos nos demais elementos da composición, como a harmonía e a instrumentación. O que chama a atención na música de Janáček é a repetición continua duns deseños melódicos ou figuracións tímbricas e harmónicas esenciais, que dan a sensación de extrema mobilidade rítmica co cambio repentino da melodía dun instrumento a outro, segundo os módulos da música popular e por iso, así o define Giorgio Vigolo «un músico de asalto e ruptura, un polemista dos sons que rompe o círculo da época para redescubrir as interxeccións e as intersecciónes; é un gramático e un falante dialectal que cava na terra unhas raíces locais rebelándose contra o dominio dunha gran lingua musical europea para conquistar pequenas autonomías rexionais». Foi nos anos da Primeira Guerra Mundial cando Janáček se dedica exclusivamente á composición e comeza a ser coñecido despois da estrea da ópera *Jenufa* (1916), escrita durante varios anos afectado polo falecemento da súa filla Olga. Este éxito lévao a escribir novas partituras como *Taras Bulba,* unha das que baseou en obras da literatura rusa que tanto admiraba. A historia de Nicolai Gogol amosa a figura lendaria de Taras Bulba, comandante dos cosacos de Zaporoski, e narra os acontecementos que rodearon a súa morte nunha guerra contra os polacos (1628) que o compositor converteu nunha suite orquestral en tres movementos, que denominou rapsodia. Escrita entre 1915 e 1918

e estreada en 1921, a obra divídese en tres partes ben diferenciadas: a primeira, *A morte de Andrej*, relata a historia dun dos fillos de Taras que, namorado da filla do voivoda polaco, loita contra o seu propio pobo nunha batalla preto de Dubno. O corno inglés representa o pensamento de Andrei sobre a súa amada, mentres que a orquestra e órgano representan a catástrofe que se aveciña e os habitantes da cidade; os trombóns anuncian a batalla. O movemento termina cando Taras mata o seu propio fillo. A segunda parte, *A morte de Ostap*, asoma como homenaxe ao segundo fillo de Taras Bulba capturado polos polacos que irrompen nunha mazurca de celebración e torturan a Ostap, cuxo lamento ao seu pai vén da man dun só salvaxe de clarinete que lembra a fantasía da *Sinfonía de Berlioz* e a *Till Eulenspiegel* de Strauss. É no terceiro e último movemento no que chega a morte do comandante cosaco, en medio de presaxios de vitoria, comeza ameazador, con

singulares interaccións entre cordas e ventos. Taras vinga a morte de Ostap mais é detido e condenado a morrer na fogueira mentres os seus inimigos enlouquecen a ritmo dunha «cracoviana», a típica danza popular. O movemento desenvólvese a través de innumerables fragmentos e seccións curtas que inclúen momentos de amor nostálxico, música bailable e, de volta, o órgano brillante e misterioso ao carón das cordas interpretando un motivo rítmico repetido. A voz de Taras Bulba á a súa visión sobre a redención e a gloria futura do seu pobo a través de fanfarras ao lonxe, campás e órgano que acompañan un poderoso crescendo de toda a orquestra e unha nova melodía, propiamente janacekiana, proxecta sobre o futuro, auspicios dunha merecida liberdade.

O compositor e intelectual Zoltán Kodály foi un dos referentes húngaros nos eidos da musicoloxía e a pedagoxía musical. Rematada a súa formación superior en composición, pedagoxía e musicoloxía na Academia de Música de Budapest, entre 1904 e 1906, viaxou a París para perfeccionar os seus estudos e máis tarde, xunto ao seu colega Béla Bartók, un Kodály xa maduro, recompilou e publicou numerosas cancións do folclore húngaro que el mesmo definía: «son obras que expresan a máis íntima esencia da música popular». Co tempo, Kodály introduce en varias composicións as lembranzas da súa infancia que estivo chea de experiencias musicais diversas e así, coñeceu de primeira man, desde moi pequeno, orquestras de música popular de distintos lugares do Imperio Austrohúngaro, xa que o seu pai era xefe de estación dos ferrocarrís imperiais e trasladábanse con certa frecuencia dunha vila a outra. Un deses lugares onde pasou parte da súa nenez foi Galanta e onde coñeceu as danzas e cantos cíngaros das bandas de xitanos que por alí transitaban. Dese xeito, en 1933, cando a Sociedade Filharmónica de Budapest celebra o seu octoxésimo aniversario, Kodály escribe como homenaxe «aos sete anos máis fermosos da miña infancia» as *Danzas de Galanta,* inspiradas nunha recompilación de danzas húngaras desa rexión publicadas en 1800. A obra foi estreada en outubro do ano de composición e as cinco danzas interprétanse sen interrupción como se se tratase dunha única longa con cambios de tempo e ritmo. Tras unha emotiva introdución lenta aparece a primeira danza, pausada e dramática na que o clarinete, cunha pasaxe rápida de ritmo libre, reproduce os bailes interpretados nas cerimonias de recrutamento dos húsares, os verbunkos para simbolizar que a vida de soldado era a mellor. Segue unha danza máis áxil protagonizada pola frauta, que destila algo de oriental debido aos trinos e o triángulo e, ademais, aparece invadida pola melodía da primeira nun breve intermezzo que precede á terceira, elegante, iniciada polo óboe e o clarinete con fortes e poderosas intervencións do resto da orquestra; lixeira, con certo sentido do humor e escritura orquestral virtuosística, a cuarta fúndese coa última, a máis rápida e viva da serie.

Texto cedido pola Real Filharmonía de Galicia

PAUL DANIEL
DIRECTOR

Fue director principal y artístico de la Real Filharmonía de Galicia desde 2013 hasta 2022, siendo también el director musical de la Orquesta Nacional de Burdeos desde el año 2013 hasta el 2021. Ocupó el mismo cargo en la Orquesta Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 y ha actuado como director invitado con las principales orquestas y compañías de ópera de todo el mundo, además de ocupar varios puestos permanentes. De 1997 a 2005 fue director musical de la English National Opera; de 1990 a 1997 fue director musical de la Opera North y director principal de la English Northern Philharmonia; y de 1987 a 1990 fue director musical de la Opera Factory. Entre sus compromisos como invitado de ópera se encuentran la Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruselas, la Bayerische Staatsoper de Múnic, la Deutsche Oper de Berlín, la Semperoper de Dresde y la Metropolitan Opera de Nueva York.

Los compromisos orquestales de Paul Daniel incluyen actuaciones con la Philharmonia, la Filharmónica de Londres, la OAE (con la que grabó *Elijah* para Decca), la Orquesta Sinfónica de la Ciudad de Birmingham, la Academia de Música Antigua, la Orquesta de París, la Orquesta Sinfónica de la Radio de Baviera, la Gürzenich-Orchester Köln, la Gewandhaus de Leipzig, la Filarmónica de la Radio de los Países Bajos, la Filarmónica de Tampere, la Orquesta de Cleveland, la Sinfónica de Milwaukee, la Filarmónica de Nueva York y la Filarmónica de Los Ángeles.

Sus planes operísticos recientes y futuros incluyen *Lucrezia Borgia* y *Las bodas de Fígaro* para la English National Opera, *Gloriana* para el Covent Garden, un nuevo encargo de Judith Weir para el Festival de Bregenz y el Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruselas, un programa doble de *L'Enfant et les Sortilleges* y *Der Zwerg* para la Opera National de París, *Les Troyens* para la Deutsche Oper de Berlín, *Hänsel und Gretel* en Zurich, *A Village Romeo and Juliet* para la Ópera de Frankfurt y *Werther* para el New National Theatre de Tokio. En el verano de 2019 Paul Daniel dirigió el estreno mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders en Santa Fe, y *Elektra*, *Tristan und Isolde* y *Die Walküre* en Burdeos. Sus compromisos orquestales incluyen conciertos con la Filarmónica de la BBC, la Royal Philharmonic, la Sinfónica de Hamburgo, la Rundfunkorchester de Múnich, la Academia Nacional de Música de Australia, la Nueva Orquesta Nacional de Gran Bretaña y el Festival de Bregenz.

Sus numerosas grabaciones incluyen el exitoso CD de la *Tercera Sinfonía* de Elgar en Naxos y una discografía en expansión con la Orquesta Nacional de Burdeos. Su interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan en el papel principal, fue editada en un premiado DVD.

De los premios que ha recibido destaca un Olivier por su aportación a la ópera y un Gramophone por su serie sobre música inglesa grabada con el sello Naxos. En los New Year's Honour del año 2000 fue condecorado con la Cruz del Imperio Británico.

PAUL DANIEL
DIRECTOR

Foi director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013 ata 2022, sendo tamén o director musical da Orquestra Nacional de Bordeos desde o 2013 ata o 2021. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, o Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Lucrezia Borgia* e *As vodas de Fígaro* para a English National Opera, *Gloriana* para o Covent Garden, unha nova encarga de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Op*era National de París, Les Troyens para a Deutsche Oper de Berlín, Hänsel und Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Toquio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders en Santa Fe, e *Elektra*, *Tristan und Isolde* e *Die Walküre* en Bordeos. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

As súas numerosas gravacións inclúen o CD de éxito da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Bordeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD.

Dos premios que recibiu destaca un Olivier pola súa contribución á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honour do ano 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

ROSSANE PHILIPPENS

VIOLÍN

Rosanne Philippens es una comunicadora extraordinaria, con una musicalidad innata y una forma de hacer música que contagia alegría y sinceridad. Su forma de tocar es refinada, exuberante y profunda, y fue descrita por el diario holandés De Telegraaf como «enérgica, sensible e impecable». Actuó en las principales salas y ciclos de los Países Bajos como solista y música de cámara, y cada vez es más solicitada internacionalmente. Durante los momentos más oscuros de la pandemia del Covid, Philippens canalizó sus energías en la creación de un nuevo conjunto, las Vondel Strings, con el que trabajó intensamente y que dio lugar a una actuación en el Concertgebouw y a una nueva grabación de Haydn y Stravinsky, editada por Channel Classics.

En la temporada 22/23 destaca su debut con la Royal Philharmonic de Londres, la SWR Konstanz de gira por Alemania y sus compromisos de regreso con la BBC Scottish Symphony, la St Gallen Symphony, la Ulster Orchestra y la Orchestre National d'Ile de France en el Festival Classique au Vert de París.

En las últimas temporadas, Philippens actuó como intérprete/directora con la Orchestre National d'Ile de France, incluyendo una actuación en la Philharmonie de París, y con la Orchestre National de Lyon, por lo que ha recibido en ambas ocasiones nuevas invitaciones inmediatas. Fue solista con la Filarmónica de Róterdam en De Doelen, la Filarmónica de la Radio Holandesa en la prestigiosa programación de la Zaterdag Matinee,

la Residentie Orkest tanto en La Haya como en la Sala Concertgebouw de Ámsterdam y con la Orquesta Sinfónica de Barcelona en el Palau de la Música dentro del Festival Mozart 2021. En Alemania actuó en la temporada pasada en el Prinzregententheater y en la Liederhalle Stuttgart, debutó con la Sinfónica de Tenerife, la Sinfónica de Norrkoping, la Orchestre d'Auvergne y la BBC Scottish Symphony Orchestra que la ha vuelto a invitar inmediatamente para el curso 22/23. Entre los directores con los que ha trabajado se encuentran Nézet-Séguin, Foster, Tausk, de Vriend, Hermus, Collon, Equilbey y Edusei.

En recital y música de cámara, Philippens toca regularmente con artistas como Kian Soltani, István Vardai, Vilde Frang, Julien Quentin, Vikingúr Olafsson, Amihai Grosz, Camille Thomas y Zoltán Fejérvári en salas y festivales de toda Europa. Como firme partidaria de romper barreras en la música clásica, anteriormente dirigió su propio ciclo de conciertos «The Amsterdam Salon», en el que presentaba conciertos de gran calidad en lugares insólitos y cuidadosamente seleccionados, en un ambiente íntimo de salón.

Philippens graba en exclusiva para Channel Classics y todas sus grabaciones recibieron elogios. The Strad describió su cedé *Insight* como «al mismo tiempo suavemente hablado e intensamente poderoso» y a Philippens como una «intérprete deslumbrante». Entre sus álbumes anteriores figuran *Dedications*, con obras de Kreisler, Fauré y Ysaye, y una grabación del *Segundo concierto* de Prokofiev, descrita por BBC Magazine como «un triunfo».

Rosanne Philippens estudió desde muy joven con Anneke Schilt en la escuela de música de Amstelveen. Continuó sus estudios en el Real Conservatorio de La Haya y en la Academia Hanns Eisler de Berlín con Coosje Wijzenbeek, Vera Beths, Anner Bylsma e Ulf Wallin, por lo que ha recibido la máxima distinción de ambos institutos. Philippens ganó el primer premio en el Concurso Nacional de Violín de los Países Bajos en el año 2009 y el Concurso Internacional de Violín de Friburgo en 2014.

Philippens toca con el Stradivarius Barrere de 1727, gracias al generoso apoyo de la Fundación Elise Mathilde.

ROSSANE PHILIPPENS

VIOLÍN

Rosanne Philippens é unha comunicadora extraordinaria, cunha musicalidade innata e unha forma de facer música que contaxia alegría e sinceridade. A súa forma de tocar é refinada, exuberante e profunda, e foi descrita polo diario holandés De Telegraaf como «enérxica, sensible e impecable». Actuou nas principais salas e ciclos dos Países Baixos como solista e música de cámara, e cada vez é máis solicitada internacionalmente. Durante os momentos máis escuros da pandemia da Covid, Philippens canalizou as súas enerxías na creación dun novo conxunto, as Vondel Strings, co que traballou de xeito intenso e que deu lugar a unha actuación no Concertgebouw e a unha nova gravación de Haydn e Stravinski, editada por Channel Classics.

Na temporada 22/23 destaca o seu debut coa Royal Philharmonic de Londres, a SWR Konstanz de xira por Alemaña e os seus compromisos de regreso coa BBC Scottish Symphony, a St Gallen Symphony, a Ulster Orchestra e a Orchestre National d'Ile de France no Festival Classique au Vert de París.

Nas últimas tempadas, Philippens actuou como intérprete/directora coa Orchestre National d'Ile de France, e incluíu unha actuación na Philharmonie de París, e coa Orchestre National de Lión, polo que recibiu en ambas as ocasións novas invitacións inmediatas. Foi solista coa Filharmónica de Róterdan en De Doelen, a Filharmónica da Radio Holandesa na

prestixiosa programación da Zaterdag Matinee, a Residentie Orkest tanto na Haia como na Sala Concertgebouw de Ámsterdam e coa Orquestra Sinfónica de Barcelona no Palau da Música dentro do Festival Mozart 2021. En Alemaña actuou a tempada pasada no Prinzregententheater e na Liederhalle Stuttgart, debutou coa Sinfónica de Tenerife, a Sinfónica de Norrkoping, Orchestre d'Auvergne e a BBC Scottish Symphony Orchestra que a volveu convidar inmediatamente para o curso 22/23. Entre os directores cos que traballou atópanse Nézet-Séguin, Foster, Tausk, de Vriend, Hermus, Collon, Equilbey, Edusei.

En recital e música de cámara, Philippens toca regularmente con artistas como Kian Soltani, István Vardai, Vilde Frang, Julien Quentin, Vikingúr Olafsson, Amihai Grosz, Camille Thomas e Zoltán Fejérvári en salas e festivais de toda Europa. Como firme partidaria de romper barreiras na música clásica, anteriormente dirixiu o seu propio ciclo de concertos «The Amsterdam Salon», no que presentaba concertos de gran calidade en lugares insólitos e coidadosamente seleccionados, nun ambiente íntimo de salón.

Philippens grava en exclusiva para Channel Classics e todas as súas gravacións recibiron eloxios. The Strad describiu o seu CD *Insight* como «á vez suavemente falado e intensamente poderoso» e a Philippens como unha «intérprete abraiante». Entre os seus álbums anteriores figuran *Dedications*, con obras de Kreisler, Fauré e Ysaye, e unha gravación do *Segundo concert*o de Prokofiev, descrita por BBC Magazine como «un triunfo».

Rosanne Philippens estudou desde moi nova con Anneke Schilt na escola de música de Amstelveen. Continuou os seus estudos no Real Conservatorio da Haia e na Academia Hanns Eisler de Berlín con Coosje Wijzenbeek, Vera Beths, Anner Bylsma e Ulf Wallin, polo que recibiu a máxima distinción de ambos os institutos. Philippens gañou o primeiro premio no Concurso Nacional de Violín dos Países Baixos en 2009 e o Concurso Internacional de Violín de Friburgo en 2014.

Philippens toca co Stradivarius Barrere de 1727, grazas ao xeneroso apoio da Fundación Elise Mathilde.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

La Real Filharmonía de Galicia se crea en el año 1996 en Santiago de Compostela, y tiene su sede permanente en el Auditorio de Galicia, en la ciudad de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann es, desde enero de 2023, su director titular y artístico; Maximino Zumalave su director asociado y Joana Carneiro la principal directora invitada. Con la orquesta colaboran los más destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo el mundo.

La RFG está comprometida en acercar la música clásica a todo el territorio gallego, a los públicos más jóvenes y destaca, además, su compromiso con el patrimonio musical gallego. Gestionada por el Consorcio de Santiago, la RFG está financiada por la Administración General del Estado, la Xunta de Galicia y el Concello/Ayuntamiento de Santiago.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Daniel Kordubaylo
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Ramón Rodríguez-Peña ***
Juan P. Calderón ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Celia Montáñez ***
Daniel Rodríguez ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Robrecht de Roeck ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Cristina Ortego (R)
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Aleix Vaqué (R)
Carmen Ferreiro (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunçao (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Belén Carril ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Miguel Linares (R)
Pablo Pazos (R)

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan L. Novo (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Hugo Portas (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Carlos López ***

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo (R)
Gonzalo Otero ***

ARPA

Lara Fonseca (R)

ÓRGANO

Fernando Buide (R)

* principal
** coprincipal
*** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral)
(R) reforzo

CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

Inés Rey
Presidenta

Anxo M. Lorenzo
Vicepresidente

EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO

Andrés Lacasa Nikiforov
Gerente

Olga Dourado González
Secretaria-interventora

María Salgado Porto
Jefa de gestión económica

Ángeles Cucarella López
Coordinadora general

José Manuel Queijo
Jefe de producción

Javier Vizoso
Jefe de prensa y comunicación

Alberto García Buño
Contable

Zita Kadar
Archivo musical

Iván Portela López
Programas didácticos

José Antonio Anido Rodríguez
Angelina Déniz García
Noelia Roberedo Secades
Administración

Inmaculada Sánchez Canosa
Gerencia y coordinación

Nerea Varela
Secretaría de producción

Lucía Sández Sanmartín
Prensa y comunicación

José Manuel Ageitos Calvo
Daniel Rey Campaña
Regidores

Diana Romero Vila
Auxiliar de archivo

PRÓ XIMOS PROGRAMAS

PROGRAMA 20

VI 12.05.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

SA 13.05.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

GUSTAV MAHLER

Sinfonía nº 7 en mi menor

Giancarlo Guerrero
director

CONCIERTO EN FAMILIA

SA 13.05.23

12H

Palacio de la Ópera - A Coruña

DIVERTIMENTO

N+1 Teatro Circo Danza

Cuarteto Alicerce

Venta de entradas en: entradas.ataquilla.com

VIGO PROGRAMA 20 OVIEDO

JU 18.05.23

20h

Teatro Afundación - Vigo

VI 19.05.23

20h

Palacio de la Ópera - A Coruña

SA 20.05.23

20h

Auditorio Príncipe Felipe - Oviedo

JOHANNES BRAHMS

Concierto para violín en re mayor, op. 77

PIOTR ILYCH TCHAIKOVSKY

Sinfonía nº 5 en mi menor, op. 64

Antonello Manacorda
director

Liza Ferschtman
violín

PROGRAMA 21
FERROL

VI 26.05.23

20h

Palacio de la
Ópera - A Coruña

SA 27.05.23

20.30h

Auditorio - Ferrol

JOÃO DOMINGOS BOMTEMPO

Requiem «En memoria de Luis Camoens»

Carlos Mena
director

Ana Quintans
soprano

Miguélez Rouco
alto

Manuel Gómez
tenor

Ferran Albrich
barítono

Coro de la OSG

sinfonicadegalicia.com / sonfuturo.com

facebook.com/sinfonicadegalicia

twitter.com/OSGgalicia

youtube.com/sinfonicadegalicia

instagram.com/osggalicia

www.flickr.com/photos/sinfonicadegalicia

XUNTA DE GALICIA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación DA CORUÑA

SINFÓNICA
DE GALICIA